

MEMORIA 2014

Índice de contidos

1. INTRODUCCIÓN: Implicadas no Desenvolvemento

1.1. Misión

1.2. Visión

1.3. Principios e criterios

2. MEMORIA DE ACTIVIDADES

2.1. Mellora e aumento da base asociativa

2.2. Voluntariado

2.3. Diseminación da visión e misión de Implicadas

2.3.1. Exposicións

2.3.2. Os meus ollos as túas mans III

2.3.3. Proxección do documental *Cambia de papel*

2.3.4. Contacontos infantil

2.3.5. Implicate! Noite de música e palabra solidaria

2.3.6. I Noite de Humor Implicado

2.3.7. Concertos

2.3.8. Recital de poesía: *ÉTNIKAS 2014*

2.3.9. III Carreira Solidaria: CORRE CON IMPLICADAS

2.3.10. II Andaina Solidaria: DÁ O PASO

2.3.11. *Vanakkam!*

2.3.12. Axenda do Desenvolvemento 2014

2.3.13. Participación no CULTURGAL 2014

2.3.14. Presentación da nova web e da nova imaxe de IMPLICADAS

2.3.15. Presentación do grupo da Estrada

2.3.16. Mesas informativas

2.3.17. Cestas solidarias

2.3.18. Clase de baile contemporáneo: BAILA POR IMPLICADAS

2.3.19. Encontro de escritoras

2.3.20. *Reactiv-arte*

2.4. Establecemento de redes con outros axentes

2.5. Diversificación das fontes de financiamento

2.6. Comunicación

2.7. Programas de cooperación:

2.7.1. Erradicación do infanticidio feminino en Salem

2.7.2. Empoderamento de mulleres en Tiruchy

2.7.3. Grupo de Axuda Mutua en Ames

3. RECURSOS HUMANOS E ORGANIZACIÓN INTERNA

4. BALANCE ECONÓMICO

5. CONCLUSIÓN

1. INTRODUCCIÓN: IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO

1.1. MISIÓN

Traballar a prol da erradicación da pobreza nas comunidades máis afectadas por ela, máis en concreto no colectivo das mulleres, a través da eliminación das estruturas de opresión Norte-Sur e de xénero e da contribución a unha vida digna para tódalas persoas nun exercicio de corresponsabilidade entre Galicia e as sociedades civís do Sur.

1.2. VISIÓN

Implicadas entende a cooperación ao desenvolvemento como un intercambio coas comunidades coas que traballa que enriquece as dúas partes e que pretende, dende a igualdade e o entendemento, conseguir un cambio a nivel global nos ámbitos do xénero, a sanidade, a educación, os dereitos humanos, a economía e tódolos factores que compoñen o desenvolvemento humano perdurable.

1.3. PRINCIPIOS E CRITERIOS

- Implicadas é unha organización independente, aconfesional e apartidaria.
- Implicadas é unha organización galega comprometida co cambio social no noso país.
- Implicadas fomenta as prácticas democráticas e a toma de decisións conxuntas dentro da súa estrutura interna.
- Implicadas traballa desde o enfoque de xénero a tódolos niveis, o cal implica unha política activa para acadar a superación da discriminación das mulleres e para que a súa voz se escoite no mundo.
- Implicadas cre no dereito dos pobos ao desenvolvemento, tanto a nivel colectivo como individual, e en particular ao desenvolvemento en pé de igualdade dos grupos discriminados, máis en concreto as mulleres, que a pesar de constituírmos a metade da poboación, seguimos sendo maioría no colectivo das persoas pobres do mundo por razóns de xénero.
- Implicadas é unha organización crítica coa sociedade do primeiro mundo.
- Implicadas traballa en pé de igualdade con organizacións cívicas dos países do Sur que compartan os mesmos principios e criterios xenéricos.
- Implicadas fundamenta nos criterios de sustentabilidade e autoxestión das comunidades as súas intervencións no terreo, de xeito que se lles dea unha resposta axeitada ás necesidades que expresen as comunidades do Sur.
- Implicadas é unha organización de base voluntaria.
- Implicadas non contempla o envío de cooperantes ou voluntariado aos proxectos a menos que as organizacións locais así o requiran ou a menos que sexa dentro de programas de intercambio para coñecer o traballo das contrapartes de persoal de Implicadas.
- Implicadas define como países prioritarios da súa actuación a India polo vínculo inicial eos países menos adiantados segundo a definición das Nacións Unidas.
- Implicadas ten especial interese en traballar naqueles países onde non exista unha tradición de traballo en Galicia, primeiro para evitar duplicar esforzos, segundo para

evitar unha concentración que pode ser contraproducente (péñese na tsunami no sueste asiático, durante a cal a poboación galega tivo que actuar ou a través de Implicadas ou a través de organizacións de fóra de Galicia) e terceiro porque pensamos que cómpre dar voz a esas comunidades coas que nos unen vínculos de lingua ou emigración e coas que nos ten que unir por forza só o sentido da xustiza.

- Implicadas traballa dende o principio de que a cultura, o coñecemento e os valores dos países do Sur deben ser coñecidos e recoñecidos en Galicia e por iso centra parte do seu traballo en difundir tales cuestións e contrarrestar estereotipos e ideas de superioridade que forman parte da roda da pobreza.
- Implicadas busca sinerxias no Norte e no Sur con outros movementos sociais cos que ten afinidade, máis en especial, o movemento feminista, o sindicalista, os movementos culturais e o ecoloxismo.

2. MEMORIA E ACTIVIDADES

2.1. MELLORA E AUMENTO DA BASE ASOCIATIVA

No ano 2014 os obxectivos para mellorar a base asociativa continuaron a liña de anos anteriores. As actividades levadas a cabo neste sentido estiveron orientadas a acadar, por unha banda, a activación e consolidación da base asociativa e, pola outra, a súa ampliación mediante a captación de novas socias.

Durante este ano 2014 leváronse a cabo as accións fixadas na planificación estratéxica anual (PE 2014):

- Mantemento da lista de correo para comunicarse coa base asociativa.
- Envío do boletín mensual que recolle as actividades que realiza IMPLICADAS cada mes.
- Convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria.
- Envío dos informes dos programas de cooperación na India.
- Realización do sorteo entre a base asociativa.
- Envío ao final de ano dunha carta de agradecemento polo apoio, implicación e fidelidade con IMPLICADAS.

Establecíase na planificación de cara ao 2014 o obxectivo de aumentar a base asociativa con respecto ao 2013 cun total de 25 novas incorporacións. Este obxectivo non se cumpriu: fronte ás 18 baixas producidas, houbo neste ano un total de 10 altas. A base asociativa que rexistra IMPLICADAS ao remate de 2014 é de 184 persoas en total, 8 menos ca o ano anterior.

Comunicación e actividades coa base asociativa

A primeira comunicación que se fixo a través do correo electrónico coas socias e socios foi no mes de xaneiro. Nesta primeira comunicación mandóuselles o informe anual do programa de "Erradicación do Infanticidio Feminino" en Salem (India). Neste mesmo correo, ademais, informouse dunha serie de cursos aos que se podería acceder de forma gratuíta por formar parte de IMPLICADAS. Este mesmo informe fíxose público na web posteriormente para tódalas persoas interesadas no traballo da organización.

A principios do mes de abril fíxose un sorteo entre a base asociativa, tal e como se acordara e mencionara na planificación anual. Así, a través da plataforma de sorteos online *sortea2*, unha socia saíu gañadora de 5 rifas para a cesta solidaria que se sortearía o 19 de abril e que fora organizada polo grupo da Coruña.

En maio de 2014 volveuse facer unha comunicación coas socias e socios para informar de que o día 10 dese mesmo mes se celebrarían en Santiago de Compostela (no Centro Sociocultural de Fontiñas) a Asemblea Xeral e a Asemblea Extraordinaria de Implicadas. Neste mesmo correo electrónico achegábaselles ás socias e socios a Memoria Anual de Actividades de 2013 e maila Planificación Anual de 2014. Pouco antes do día 10 volveuse enviar un correo, a modo de recordatorio, coa data e o lugar de celebración.

Dous días despois da Asemblea Xeral fíxoselle chegar á base asociativa as actas tanto da Asemblea Xeral e coma da Asemblea Extraordinaria.

A finais dese mesmo mes de maio, a nova presidenta de IMPLICADAS, Lucía López Bayo, enviáballe unha carta de presentación á base asociativa.

En xullo de 2014 a base asociativa recibiu nos seus correos electrónicos o informe de impacto do Programa de Empoderamento de Mulleres en Tiruchy 2008-2013. No mes de agosto recibiron por esta mesma vía os informes relativos aos dous primeiros trimestres de 2014 do Programa de Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem.

Ese mesmo mes envióuselles así mesmo unha enquisa coa cal se pretendía involucrar á base asociativa e facela partícipe na planificación estratéxica da organización de cara aos vindeiros 5 anos. Coa intención de incrementar a participación na enquisa, volveuse enviar pasado un tempo. En total, participou un total de 7 persoas.

O día 25 de novembro (Día Internacional para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres) mandouse un comunicado feito conxuntamente por IMPLICADAS, PDI (contraparte de IMPLICADAS na India) e as mulleres de Támara Nadu para conmemorar este día.

Por último, o día 30 de decembro, enviáselles por correo electrónico unha mensaxe de agradecemento por parte da presidenta, Lucía López Bayo, así como dous informes que se corresponden co primeiro semestre do ano sobre o Programa de Empoderamento de mulleres en Tiruchy II.

2.2. VOLUNTARIADO

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO só conta cunha traballadora contratada a tempo parcial, polo que é o voluntariado o que sustenta a base do traballo da organización. Tódalas actividades que lle son propias á organización dependen, efectivamente, do traballo voluntario realizado ao longo de todo o territorio galego.

Os obxectivos para a área de voluntariado durante o ano 2014 foron: 1) fortalecer os grupos presenciais e virtuais mediante melloras na súa xestión e formación e 2) potenciar a creación de novos grupos noutras localidades.

Actualmente o voluntariado de IMPLICADAS conta con grupos de voluntariado presencial nas seguintes cidades:

- A Coruña (4 integrantes)

- A Estrada (3 integrantes)
- Lugo (3 integrantes)

Alén disto hai dous grupos que están en proceso de reactivación e creación:

- En proceso de reactivación: Compostela (3 integrantes)
- En proceso de nova creación: Vigo (2 integrantes)

Pola súa banda, os equipos virtuais contan cun total de 38 persoas que realizan o labor de voluntariado de xeito activo:

- Equipo de tradución: formado por 17 persoas, todas elas estudiantado ou profesionais de Tradución e Interpretación.
- Equipo de prensa: constituído por 4 persoas relacionadas co mundo da publicidade e do xornalismo.
- Grupo de deseño: formado por 6 persoas relacionadas coa comunicación audiovisual.
- Grupo de documentos: integrado por 8 persoas que realizan documentación interna e externa da organización.
- Grupo de redes sociais, web e boletín: constituído por 3 persoas.

Ás persoas que forman os grupos virtuais e os equipos presenciais hai que sumarles as persoas da Xunta Directiva que ocupan cargos como Presidencia, Vicepresidencia, Tesourería, Secretaría e Coordinación de Voluntariado. A finais de decembro de 2014 IMPLICADAS conta cun total de 56 persoas voluntarias.

Avaliación

Durante o ano 2014 non foi posible aumentar o voluntariado con respecto ao ano anterior; pola contra, produciuse a baixa de 19 persoas voluntarias, a maioría delas participantes en grupos presenciais que se viron obrigadas a emigrar ao estranxeiro.

Con todo, no terceiro trimestre do ano, chegouse a crear un grupo de voluntariado, por vez primeira, no concello da Estrada, que está en proceso de ampliación e que conta xa con tres integrantes.

En canto ao voluntariado virtual mantívose o número de persoas voluntarias. Aínda que cómpre mellorar os mecanismos de comunicación e interrelación cos grupos, é preciso mencionar que sempre houbo máis dunha candidata cando a organización solicitou algún traballo puntual de voluntariado a través das súas redes.

Por outra banda, a persoa que ocupaba o posto de coordinadora de voluntariado abandonou a organización por motivos persoais durante o 2014, o que provocou certa descoordinación nos grupos. A procura dunha persoa que coordine a todo o voluntariado é unha necesidade vital para a organización, xa que toda a actividade da ONG se fai a través do voluntariado.

En canto a solicitudes de información recibidas, alén das que chegan derivadas da web ou redes sociais, destacan os contactos a través de *mailing* coa base de datos de voluntariado galego, hacesfalta, etc. Con todo, moitas das persoas que solicitan información non chegan a participar activamente nos grupos de voluntariado e, por conseguinte, non pasan o correspondente período de proba.

En xeral, cómpre salientar a participación da meirande parte das persoas que conforman o voluntariado presencial nas xornadas de formación e a aprendizaxe que se realiza no seo e segundo a dinámica de cada grupo. Todo isto incide, sen dúbida, na calidade do traballo voluntario.

En canto á xestión interna, é necesaria a reorganización dos grupos para que poida haber rotación no cargo das coordinadoras e tamén para que as voluntarias asuman responsabilidades. En resumo, cómpre establecer mecanismos de mellora na asunción de responsabilidades dentro da organización.

Como os obxectivos de IMPLICADAS están centrados en poder ter cada vez máis persoas vinculadas á organización, a captación de novo voluntariado segue sendo unha prioridade. Con todo, a área decidiu darlle prioridade á reactivación e fortalecemento dos grupos existentes que sufriron fortes mudanzas no último ano.

Formación

Durante o ano 2014 desenvolvéronse dúas sesións de formación para o voluntariado, centradas na avaliación da Planificación Estratéxica 2009-2014 e no deseño da Planificación Estratéxica 2015-2020:

- **Xornada formativa** (Compostela, 21 de xuño). Nesta xornada, na que participaron 12 voluntarias, foron tratados os seguintes temas:
 - Historia de IMPLICADAS e revisión de definición e valores.
 - Creación de liña de vida de IMPLICADAS.
 - Avaliación da Planificación Estratéxica 2009-2014.
- **Xuntanza formativa** (A Coruña, 29 e 30 de novembro). Nesta xuntanza, á que asistiron 6 voluntarias, foron tratados os seguintes temas:
 - Resumo da sesión anterior: Avaliación da Planificación Estratéxica 2009-2014.
 - Análise de *debilidades+fortalezas+ameazas+oportunidades*.
 - Sesión sobre voluntariado e activismo.
 - Definición de obxectivos da Planificación Estratéxica 2015-2020.
 - Xestión interna da organización.

Así mesmo, os grupos activos continuaron a desenvolver as formacións internas durante as súas xuntanzas mensuais de grupo, nas que se tratan diversos temas (misión e visión de IMPLICADAS, proxectos, enfoque de xénero, etc.). Nestas xuntanzas, que foron valoradas moi positivamente, acádase un maior coñecemento da organización, mellóranse as habilidades comunicativas e refórzase a cohesión interna do grupo.

Avaliación das formacións

O voluntariado formado é o que participa máis activamente e o que permanece máis tempo na organización. A formación resulta, neste sentido, unha ferramenta chave de sensibilización e implicación do voluntariado, xa que lle dá seguridade e facilita o seu empoderamento no desenvolvemento das actividades.

Cómpre destacar que a avaliación por parte das persoas que asistiron ás formacións é positiva, sobre todo, no tocante aos contidos, os espazos, o ambiente de grupo, etc.

Malia isto, resulta necesario potenciar ao máximo a participación das voluntarias e voluntarios nas formacións para mellorar os seus coñecementos e, sobre todo, a súa implicación e integración na organización.

2.3. DISEMINACIÓN DA VISIÓN E MISIÓN DE IMPLICADAS

2.3.1. EXPOSICIÓNS

Durante o 2014 rotaron por diversos puntos da xeografía galega tres exposicións: *Maquila Boutique*, *A miña luzada iluminaranos a todas* e *Os meus ollos as túas mans III*.

Maquila Boutique. Trátase dunha exposición de artistas plásticas na que se denuncia a explotación levada a cabo pola industria téxtil nos países do Sur e na que se propoñen alternativas a esta explotación. Consiste na presentación, coma se dunha tenda de roupa se tratase, de diferentes pezas acompañadas por paneis informativos sobre a explotación, con propostas alternativas e mesmo estudos de caso. Foi celebrada nos seguintes lugares:

- Biblioteca Nodal de Lugo (1-20 de xuño)
- Centro Cívico de Malpica (1-31 de xullo).

A miña luzada iluminaranos a todas. Esta exposición xorde a partir da celebración do concurso fotográfico *Das crises ás alianzas*. O concurso, realizado pola organización entre os meses de abril e maio de 2013 e dirixido a mulleres residentes en Galicia e Támara Nadu, pretende incentivar creacións fotográficas que reflictan o efecto que as crises – sociais, económicas, políticas – teñen na vida das mulleres. A exposición está formada polos 10 paneis que recollen as obras máis significativas presentadas no concurso.

Durante este ano 2014 estivo exposta en cinco lugares:

- IES Moncho Valcarce das Pontes (26 de febreiro - 12 de marzo)
- Fórum Metropolitano da Coruña (17-31 de marzo)
- Facultade de Humanidades do Campus de Lugo (19 de setembro - con motivo das Xornadas da Rede Galega contra a trata de persoas)
- Casa das Mulleres no Concello de Vigo (29 de setembro - 18 de outubro)
- CEIP Alexandre Bóveda de Redondela (21 - 28 de novembro)

Os meus ollos as túas mans III. Nesta exposición preséntase o traballo de diferentes ilustradoras e ilustradores que, a través das súas obras e despois da súa convivencia co voluntariado de IMPLICADAS (*vid. infra: OS MEUS OLLOS AS TÚAS MANS III*), reflicten a visión que este lles transmitiu do seu traballo na organización.

A exposición tivo lugar entre o 3 e o 25 de setembro no Mesón do Forno (Lugo).

2.3.2. OS MEUS OLLOS AS TÚAS MANS III

Debido ao éxito que acadaran as anteriores edicións de OS MEUS OLLOS AS TÚAS MANS, organizouse durante o ano 2014 unha terceira edición da actividade. Así, realizouse un convivio entre voluntariado e ilustradoras o día 22 de xuño na Casa de Música en Lugo. As participantes formaron parte de actividades formativas, dinámicas e lúdicas a través das cales se transmitían coñecementos sobre cooperación, enfoque de xénero e situación do infanticidio feminino, ademais de informacións sobre a filosofía e o traballo de IMPLICADAS. Unha das actividades incluíu, ademais, o visionado do documental *Cambia de papel*.

Como resultado deste encontro, xurdiron cinco obras que formaron parte dunha exposición (*vid. supra*) á que se sumaron as obras que había de edicións anteriores. No acto de inauguración desta exposición, celebrada o 3 de setembro no Mesón do Forno (en Lugo), unha das ilustradores contou a súa experiencia como participante no convivio, despois de que as voluntarias falaran dos proxectos de IMPLICADAS e da xornada de convivencia. O acto contou ademais coa actuación das violonchelistas Yaiza Seijo e Paula Fernández.

2.3.3. PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL *CAMBIA DE PAPEL*

A proxección do documental *Cambia de papel*, ademais de contribuír á difusión da visión de IMPLICADAS, á recadación de fondos e á procura de novas socias ou voluntarias, contribuíu a acadar os seguintes obxectivos:

- Sensibilizar a sociedade sobre a pobreza, as súas causas e as posibles solucións, para cambiar a mentalidade das persoas habitantes nos países máis ricos.
- Achegar a realidade dos países non desenvolvidos á sociedade galega en xeral.
- Introducir o enfoque feminista na cooperación ao desenvolvemento.

As proxeccións tiveron lugar nos seguintes lugares:

- Fórum da Coruña (31 de marzo)
- Salón de actos da Deputación de Lugo (12 de xuño)
- Aula D en Vigo (11 de outubro)
- CEIP Alexandre Bóveda de Redondela (1 de decembro)
- A Estrada (5 de decembro)

2.3.4. CONTACONTOS INFANTIL

Para conmemorar o Día Internacional para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres, levouse a cabo o 26 de novembro no *Dadá Kinder Café* da Coruña unha sesión de contacontos. Nela, dous personaxes procedentes do Mundo das Cores (unha rapaza chamada Antía, vestida de moitas cores e co pelo verde, e mais unha marioneta de nome Rosiño), interactuaron co público a través de contos, cancións e xogos. Estas pequenas actividades contribuíron á deconstrución de estereotipos de xénero relacionados coas cores, os xoguetes ou as profesións. Os destinatarios foron crianzas con idades comprendidas entre 5 e 12 anos e mailas súas familias. O número de participantes foi de 8 persoas en total (5 delas, crianzas).

Ao inicio realizouse unha pequena presentación de IMPLICADAS e durante a actividade deixáronse os materiais de *merchandising* da organización nunha mesa co fin de que as familias puideran mercar se así o desexaban.

Avaliación da actividade

A pesar de ser unha actividade interesante para as crianzas e ter recibido moi boas críticas por parte do público asistente, o número das persoas que acudiron non foi o esperado. Sería interesante estudar outros locais nos que levar a cabo futuras actividades para as crianzas, así como baixar o prezo da participación.

2.3.5. IMPLÍCATE! NOITE DE MÚSICA E PALABRA SOLIDARIA

O IMPLÍCATE! NOITE DE MÚSICA E PALABRA SOLIDARIA é un festival organizado por IMPLICADAS cada ano na tempada de Nadal, no que diferentes artistas colaboran de xeito desinteresado. O propósito principal deste evento é dar a coñecer, a través da cultura, o traballo de IMPLICADAS, así como convidar o público a ver o mundo con outros ollos, solidarizarse e comprometerse, dende Galicia, dende a conciencia crítica e cunha acción clara.

Con este fin, combínanse diferentes manifestacións artísticas (música, danza, teatro, literatura) con proxectos audiovisuais sobre o traballo que leva a cabo IMPLICADAS tanto en Galicia coma no Sur.

Alén disto, os cartos recadados con esta iniciativa destínanse integramente a financiar proxectos de cooperación para o desenvolvemento de IMPLICADAS.

Esta nova edición do IMPLÍCATE! NOITE DE MÚSICA E PALABRA SOLIDARIA tivo lugar no Teatro Principal (Santiago de Compostela) o día 12 de xaneiro, ás 20:30 h. A edición foi presentada por Yolanda Castaño e María Reimóndez (esta última no lugar de Luís Tosar, ausente despois da polémica suscitada pola súa aparición no vídeo de *Los Tres*). Así mesmo contou coa participación desinteresada de: Najla Shami, Deusa Tola e Ataque Escampe (no eido musical), Druída Danza (no eido de danza), Olga Novo, Cesáreo Sánchez, Elvira Riveiro e Daniel Salgado (no eido de literatura), David Perdomo e, por último, Camila Bossa e Iolanda Muíños (no eido teatral).

Avaliación da actividade

O número de persoas asistentes ao IMPLÍCATE 2014 foi a metade do rexistrado na anterior edición, polo que a recadación, en tódolos planos, reduciuse practicamente nun 50% con respecto ao 2013. As causas desta situación foron, fundamentalmente, tres: a polémica suscitada pola aparición de Luís Tosar no vídeo de *Los Tres*, o feito de non contar cun grupo ou artista de grande renome que axudase a atraer público de forma máis masiva e problemas na atribución de responsabilidades e funcións nas tarefas asignadas dentro de IMPLICADAS.

2.3.6. I NOITE DE HUMOR IMPLICADO

A I NOITE DE HUMOR IMPLICADO celebrouse na Coruña, no local *Latuerka27*, o día 26 de marzo. O espectáculo tivo unha duración de dúas horas e contou coa participación dos seguintes artistas: Daniel Currás, Comando Esbardarille (con dúas pezas de teatro cómicas: *La locura al desnudo* e *Mi dinero*), Carmen Conde e Pedro Brandariz. Ao comezo deste evento tivo lugar unha presentación do traballo e da filosofía de IMPLICADAS, así como un anuncio de próximas actividades. Ademais, dúas voluntarias atenderon unha mesa de vendas durante o acto.

O número de entradas vendidas foi de 40. Tanto o local como as persoas que realizaron as actuacións participaron de forma totalmente altruísta. Os cartos recadados coa venda de entradas foi destinado integramente ao traballo de IMPLICADAS.

Avaliación da actividade

Considerando o tempo investido na organización, o número de persoas voluntarias e o número de asistentes, o rendemento da actividade foi moi alto. Ademais, cómpre salientar que moitas das persoas que acudiron ao evento non coñecían IMPLICADAS previamente, polo que se lle puido dar unha boa difusión tanto á ONGD coma ás súas actividades.

2.3.7. CONCERTOS

Micromaratón de Música Solidaria (no Bar Medusa –**Compostela**, o 31 de xaneiro). Neste concerto participaron diferentes artistas e grupos, pero calquera persoa que o desexara podía subir a tocar e cantar. Asistiu un total de 40 persoas, entre artistas e público.

Concerto Solidario (no Clavicémbalo –**Lugo**, o 26 de xuño). Neste concerto participaron os seguintes grupos e artistas: Jotinhos, Branca Villares e Pepa Yañez e Os Minhotos.

2.3.8. RECITAL DE POESÍA: ÉTNIKAS 2014

O recital, que tivo unha hora e media de duración e ao que asistiron como público arredor de vinte persoas, celebrouse o día 27 de febreiro no *Etnika's Bar*, na Coruña. A actividade comezou cunha pequena presentación de IMPLICADAS a cargo da coordinadora do grupo da Coruña e continuou coa lectura de varios poemas por parte de Lucía Aldao e Estíbaliz Espinosa. Posteriormente, as propias voluntarias de IMPLICADAS leron oito poemas dos libros *Vanakkam* e *As que rubimos montañas*. Para rematar, déuselle a posibilidade ao público de ler os seus propios poemas (oportunidade que foi aproveitada por sete persoas en total).

Tanto o local coma as poetas participaron de forma completamente altruísta. Ademais, o local dooulle á organización o 5% dos cartos recadados das consumicións.

Avaliación da actividade

Era a primeira vez que esta actividade se realizaba na Coruña e resultou ser unha experiencia moi satisfactoria, sobre todo polo feito de que houbo sete persoas completamente alleas á entidade que leron os seus poemas. Estableceuse contacto, ademais, cun grupo de teatro co que se colaboraría noutras actividades.

2.3.9. III CARREIRA SOLIDARIA CORRE CON IMPLICADAS

A terceira edición da CARREIRA SOLIDARIA tivo lugar o 12 de abril en Oleiros (A Coruña). Neste evento colaboraron, ademais do voluntariado de IMPLICADAS, o voluntariado pertencente ao INEF e o voluntariado de protección civil do Concello de Oleiros, así como a súa policía local. En total foron máis de 20 persoas as que se implicaron nesta actividade.

Alén disto, colaboraron na actividade diferentes entidades e empresas: Concello de Oleiros (cortes de rúas e permiso de realización da actividade), Federación Galega de Atletismo (seguro de responsabilidade civil, achega de xuíces e secretaría técnica, canon, introdución da actividade no calendario na páxina web da federación e difusión mediante publicidade), Fundación AVÁN (achega de persoal sanitario e ambulancia), UDC e INEF Galicia (vestiarios e duchas, así como instalacións para repartir os dorsais o día anterior á carreira) e Atmósfera Sport Coruña (arco de saída/meta). Ademais, Masaxe Aiurvédica Piero Piga, Casa Boa Rial e Centro Medra achegaron cadanseus agasallos (un bono masaxe, un bono de fin de semana e unha sesión de relaxación, respectivamente) para os sorteos. Por último, contouse co DJ Dani para amenizar a xornada.

Entre tódalas categorías, tanto masculinas coma femininas, participaron un total de 400 persoas (105 máis ca o ano anterior).

Os premios consistiron en 3 medallas de ouro por categoría, tanto masculina como feminina. Ademais, tendo en conta o número individual de dorsal, fixéronse diferentes sorteos: o sorteo dun bono masaxe no centro de masaxe de Piero Piga, o sorteo dunha sesión de relaxación no Centro Medra (A Coruña) e o sorteo dun bono de fin de semana nunha casa rural (Casa Boa Rial). Cada persoa participante obtivo por parte de IMPLICADAS,

ademais, unha bolsa cunha botella de auga, unha mazá, un imán, un lapis ou un recortable da organización e mais un folleto de *Cambia de papel*.

Avaliación da actividade

Esta actividade rexistra cada ano unha maior afluencia de participantes, vaise consolidando edición tras edición e está converténdose xa nunha das actividades máis coñecidas de IMPLICADAS. Ten unha repercusión moi positiva nos medios e cumpre un importante papel na difusión da organización entre a opinión pública – mesmo a nivel estatal. Entre outros aspectos positivos, debemos destacar o acerto de introducir a presenza dun DJ que amenice a xornada.

2.3.10. II ANDAINA SOLIDARIA DÁ O PASO

Trátase dunha xornada deportiva que, alén da difusión da misión e visión de IMPLICADAS, ten como obxectivo a recadación de fondos para os proxectos que IMPLICADAS apoia na India. Ademais contribúe á descuberta e revalorización das paisaxes naturais – neste caso, o entorno do Alto Eume. Por último, trátase dunha boa oportunidade para conseguir novas socias ou voluntarias.

A andaina, que se levou a cabo o domingo 19 de outubro, consistiu nun roteiro circular, duns 10 qms aproximadamente e dunhas 5 horas de duración, polo val do río Mandeo, con paradas para comer, facer fotos e gozar do contacto coa natureza.

Na actividade participaron un total de 16 persoas. Ademais, durante toda a xornada estiveron presentes catro persoas do voluntariado de IMPLICADAS e foi posible ofrecer unha breve explicación sobre o labor que IMPLICADAS desenvolve tanto aquí en Galicia coma na India. Ao remate da andaina, no punto de chegada, montouse unha mesa informativa e de vendas.

Para a celebración deste evento contouse coa colaboración das seguintes entidades: Cucana (empresa organizadora de roteiros), Masaxe Aiurvédica Piero Piga e Autobuses J. Pombo (aínda que finalmente non se utilizou o transporte).

Avaliación da actividade

Malia que o número de persoas que acudiron á andaina non se correspondeu cos obxectivos marcados, a actividade pode considerarse un éxito: a meirande parte das persoas participantes destacou o acerto do entorno escollido para o roteiro e o ambiente distendido e animoso que se deu no grupo.

2.3.11. VANAKKAM!

O ciclo formativo VANAKKAM!, palabra en lingua támil que significa ‘benvidas’, acadou este ano a súa oitava edición. Os obxectivos do ciclo son, por unha banda, a formación no eido da Cooperación Internacional e, pola outra, a difusión do labor de IMPLICADAS non só en Galicia senón tamén nos países do Sur. Consta, en principio, de dúas partes: unha presencial, na que se ofrecen diferentes seminarios sobre cooperación, e outra de campo, consistente nunha viaxe á India co fin de coñecer *in situ* o traballo da organización.

Este ano, como xa acontecera no 2013, tivo lugar unicamente a parte presencial, posto que non se deu acadado un mínimo de persoas interesadas na viaxe. A formación, á que asistiron 7 persoas, tivo lugar no Centro Sociocultural de Fontiñas, en Compostela, e constou

de cinco sesións con cadanseu bloque (os días 10.05, 24.05, 31.05, 07.06 e 28.06 - sempre entre as 10 e as 14 h). Nos bloques tratáronse, en concreto, os seguintes temas:

BLOQUE I: A cooperación ao desenvolvemento

BLOQUE II: O enfoque de xénero

BLOQUE III: Implicadas no Desenvolvemento

BLOQUE IV: Os proxectos na India

BLOQUE V: Preparación da viaxe

2.3.12. AXENDA DO DESENVOLVEMENTO 2014

Como vén sendo habitual, IMPLICADAS puxo á venda durante 2014 unha nova edición da AXENDA SOLIDARIA, importante ferramenta a través da que se trata de sensibilizar a sociedade galega e fomentar a súa implicación na cooperación ao desenvolvemento.

O tema da AXENDA SOLIDARIA 2014 foi a celebración dos 15 anos de traballo, aprendizaxe constante, melloras e enriquecemento da organización. A axenda reproduce, nesta edición, os nosos principios e os nosas obxectivos, algúns dos nosos proxectos e algúns dos nosos logros, así como o labor das persoas que os fan posibles, dende voluntarias ata beneficiarias. Lémbraos ademais que hai diferentes modos de colaborar para mudar as cousas e que todos eles pagan a pena.

Os exemplares puideron adquirirse a través da secretaría de IMPLICADAS, pero tamén en diferentes puntos de venda nas cidades de Vigo, Pontevedra, Compostela, A Coruña e Lugo, así como nas vilas de Oleiros, Catoira e Rianxo.

2.3.13. PARTICIPACIÓN NO CULTURAL

Dende a fundación de IMPLICADAS, a vinculación coa cultura nos proxectos de sensibilización e ED en Galicia converteuse nunha das súas marcas de identidade. É por isto que o CULTURAL supón unha cita ineludible para a nosa entidade: funciona como plataforma non só para dar a coñecer o nosa organización e mailo seu traballo, senón tamén para tecer novas redes de colaboración que nos axudan a impulsar as nosas actividades e os valores e principios que as rexen.

Durante esta edición, que se celebrou durante os días 5, 6 e 7 de decembro no Pazo da Cultura en Pontevedra, IMPLICADAS realizou unha actividade encamiñada a darlle difusión tanto ao X IMPLÍCATE, que se celebraría en xaneiro de 2015, coma ao seu proxecto REACTIV-ARTE(vid. 2.3.20),que ten precisamente como obxectivo o de impulsar unha rede de *artistas* galegas que, dende o mundo da cultura, non só fagan uso da súa capacidade de visibilización, senón que ademais sexan partícipes dos procesos de transformación social - neste caso da man dos valores de IMPLICADAS.

A actividade foi presentada por Yolanda Castaño e Lucía López e contou coa participación musical de Mercedes Peón, que interpretou o tema *Linguas Elementais* xunto con Yolanda Castaño e María Reimóndez, e de Xoán Curiel, que interpretou *Lévame de volta*. Ámbolos dous temas están incluídos no disco *REACTIV-ARTE*, publicado por IMPLICADAS.

A esta presentación asistiron un total de 150 persoas.

Avaliación da actividade

Esta actividade supuxo unha proxección importante do traballo de IMPLICADAS, así como do proxecto *REACTIV-ARTE*, pola repercusión mediática que tivo e pola gran afluencia de público que acudiu á presentación do mesmo. É importante mencionar ademais a crítica positiva recibida por parte de José Miguel López, presentador de *Discópolis* de RNE Radio 3.

2.3.14. PRESENTACIÓN DA NOVA WEB E DA NOVA IMAXE DE IMPLICADAS

A presentación tivo lugar en Compostela o día 18 de outubro. Primeiramente houbo unha rolda de prensa na Galería Sargadelos. A continuación, tivo lugar unha actuación de rúa do Coro da Rána na praza do Toural. Durante a actuación, na mesma praza, estivo exposta unha mesa informativa, na que se recadaron 100 euros de vendas e foron repartidos numerosos folletos coa nova imaxe.

2.3.15. PRESENTACIÓN DO GRUPO DA ESTRADA

A presentación, á que asistiron arredor de 40 persoas, foi realizada o día 5 de decembro no Museo do Moble da Estrada (MOME) e incluíu as seguintes actividades:

- Proxección do documental *Cambia de papel* e videoforum
- Lectura do texto-presentación de Manimekalai
- Actuación do grupo de música tradicional *Nai*
- Establecemento dunha mesa de vendas

2.3.16. MESAS INFORMATIVAS

Os obxectivos das mesas informativas son:

- Dar a coñecer IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO, os seus obxectivos e as súas campañas.
- Fomentar o voluntariado e a asociación.
- Facer recadación mediante a venda de produtos de comercio xusto e *merchandising*.
- Establecer contacto con asociacións locais.

Durante o ano 2014, con motivo de eventos celebrados por outras institucións e colectivos, IMPLICADAS organizou mesas informativas en Pontevedra, A Coruña, Compostela e Rianxo.

En **Pontevedra** as mesas estiveron presentes durante os seguintes eventos:

- Festival **CANTOS NA MARÉ** (Pazo da Cultura, 11 de xaneiro). O evento foi visitado por 772 persoas e nel recadáronse 154,11 euros. Ademais houbo reparto de folletos e novas inscricións para recibir información de IMPLICADAS.
- **CULTURGAL**– Feira de Industrias Culturais (Pazo da Cultura, 5-7 de decembro). IMPLICADAS contou cun *stand* propio dentro da feira que foi atendido por doce voluntarias durante os tres días. Ofreceuse información e chegaron a recadarse 315,50 euros. Ademais, entraron en contacto coas voluntarias 50 persoas interesadas en participar activamente con IMPLICADAS.

Na cidade da **Coruña** foron organizadas mesas informativas nos seguintes eventos:

- **II FEIRA SOCIAL** (Praza de Pontevedra, 31 de maio). Esta feira é unha iniciativa organizada co fin de dar visibilidade a un modelo de economía solidaria, participativa e local, na que se substitúe o concepto de *competir* polo de *cooperar*. Alén de ofrecer información de IMPLICADAS e poñer á venda os seus produtos, na mesa

informativa déuselles a oportunidade ás persoas que a visitaban de participar en dúas pequenas actividades: o xogo *coñécenos e implícate* e o panel *Cambia de papel*. A recadación foi de 42 euros. Cinco persoas inscribíronse para recibir información e unha persoa manifestou o seu interese en participar como voluntaria en IMPLICADAS. Por último, foron repartidos, en total, 15 folletos da campaña *Cambia de papel*.

- **I Charity Shop** (Centro de Emprendedores Vento, Ventorrillo, 11 de outubro). Neste evento solidario, que pretende promover o comercio xusto, danse cita organizacións, proxectos e persoas que traballan con normas éticas e transparentes e desempeñan un papel imprescindible para achegar solucións aos problemas do mundo, sempre segundo os valores de solidariedade, sustentabilidade, respecto ao medio ambiente e benestar social. A recadación foi de 78 euros, o número de folletos repartidos foi de 20 e tres persoas deixaron o seu enderezo para recibir información. Ademais, establecéronse contactos con entidades da cidade para dar a coñecer o labor de IMPLICADAS.

En **Compostela** foi colocada unha mesa informativa na **Feira da Primavera** (Barrio de San Pedro, 3 de maio). Foi recadado un total de 20 euros en vendas.

Por último, o 25 de xullo, IMPLICADAS participou cunha mesa informativa na chamada **Quedada de ganchillo**, actividade celebrada en **Rianxo** e organizada por *DePepa ideas en fío* e mailo Concello de Rianxo, que consistiu na fabricación dun chal para a estatua da rianxeira. O chal realizado foi doado a IMPLICADAS para colaborar nunha das cestas solidarias. A recadación foi de 48,50 euros e o número de persoas que se achegaron foi aproximadamente de 50.

Avaliación da actividade

A presenza de IMPLICADAS en meses informativas mantívose estable neste ano. Aínda que a súa organización supón un grande esforzo para o voluntariado, as mesas son un importante medio de contacto coa cidadanía e, de forma tanxencial, de recadación de ingresos para o traballo de IMPLICADAS.

2.3.17. CESTAS SOLIDARIAS

Ao longo do ano levouse a cabo o sorteo de dúas cestas solidarias dinamizadas por grupos locais (Compostela e A Coruña).

Cesta Solidaria organizada polo grupo de Compostela

Diversas entidades e persoas colaboraron na organización da cesta e doaron produtos para conformala. Os produtos foron os seguintes: bolso de *O armario Chulina* (Chantada); torta de Santiago e mais unha caixa de pedras do camiño de *Tartas Ancano* (Portomarín); boneco e bolsa de sementes de Ana Fernández; caixa e pulseiras de Coral Gracia; marmeladas *Quilo e medio*; cosmética de Triskel; libros de Pedreira; caderno de notas con imán da *librería arcoiris* (Taboada); programa antiestrés de dúas noites para dúas persoas da cadea de Hotel-Balneario Caldaria; sesión de masaxe aiurvédica no centro de Piero Puga; lámina de *Cestola na Cachola*; colar e pendentes de *Comarca 54*; botellas de licor café e licor de herbas de *Bar "A Casiñas"*.

As rifas foron vendidas a un euro cada unha e a cantidade recadada con esta actividade foi de 342 euros.

Cesta Solidaria organizada polo grupo da Coruña

Tamén neste caso contamos coa colaboración de diversas entidades e persoas que doaron os seus produtos. A cesta incluía os seguintes: unha pulseira de pedras de *Vandemoda*; un xogo de prata celta de *Ardentia*; dúas noites con almorzo para dúas persoas na *Casa Remanso dos Patos* (Nogueira de Ramuín); dous menús do día e dúas cervexas artesanais galegas en *Malte Cervezoteca*; seis tarros de marmelada *As Camposeiras*; un gorriño e unha chaqueta de lá, unha boneca *fofucha* e unha cestiña con obxectos de artesanía de *Entreagullas*; unha botella de viño *Bacelos de Biobra*; unha caixa de *maruxas* de nata de *Horta + Sá*; un broche con forma de bolboreta e un estoxo para colgar pendentes, de *Los Detalles de Mami*; un bono para dúas persoas para unha actividade de rafting por parte de *Vaguada Aventura*; unha masaxe descontracturante en *Aprovisa*; un lote de comida ecolóxica de *La Aldea Biomarket*; unha sesión de relaxación no *Centro Medra*; unha masaxe aiurvédica no centro de Piero Piga.

A rifas foron vendidas a un euro e a cantidade recadada foi de 638 euros.

2.3.18. CLASE DE BAILE CONTEMPORÁNEO: BAILA POR IMPLICADAS

A clase de baile contemporáneo realizouse o día 5 de abril na Coruña, en *Danzalia Mundi*. A clase tivo unha hora e media de duración e foi impartida, de maneira gratuíta, por Alba Sánchez. Antes de comezar a clase, levouse a cabo unha pequena presentación de IMPLICADAS e difundíronse outras actividades da organización (como, por exemplo, a carreira CORRE CON IMPLICADAS). As entradas para a clase custaron 5 euros e a ela asistiron 19 persoas.

Avaliación da actividade

As actividades realizadas en locais que ofrecen a súa colaboración constitúen un bo medio de difusión, posto que, normalmente, o público ao que se chega a través delas entra en contacto con IMPLICADAS por vez primeira.

2.3.19. ENCONTRO DE ESCRITORAS

Co gallo das Letras Galegas, o grupo de Compostela organizou unha xuntanza de escritoras galegas o día 15 de maio na librería Lila. Nela participaron dúas autoras: Teresa Moure e Marilar Aleixandre. Ademais, na apertura e no peche deste encontro, contouse coa participación de Alba María, a gañadora do I Concurso para cantautoras en galego de Teo.

2.3.20. REACTIV-ARTE. UN CD PARA CELEBRAR 10 ANOS DE MÚSICA, POESÍA E SOLIDARIEDADE

A finais de 2014, para conmemorar os dez anos de IMPLÍCATE, NOITE DE MÚSICA E PALABRA SOLIDARIA, saía á venda o CD *REACTIV-ARTE*. O CD recolle, musicados, poemas de escritoras támiles, etíopes e galegas recollidos nas obras *Vanakkam-Benvidas* (2007) e *As que rubimos montañas* (2012), igualmente editadas por IMPLICADAS.

O proxecto foi posible grazas á colaboración de músicas e músicos como Mercedes Peón, Xabier Díaz, Uxía, Iria Piñeiro, Leilía, Carmen Rey e Xoan Curiel - artistas que participaron nalgunha das diferentes edicións do IMPLÍCATE ao longo destes 10 anos. A coordinación musical correu a cargo de Guillermo Fernández e a coordinación do proxecto foi asumida por María Reimóndez e Rosa Villaronga.

As copias realizadas foron en total 1.000 e pódense adquirir por un prezo de 10 € no propio local de IMPLICADAS, na tenda online da organización e nos establecementos de entidades colaboradoras espallados por toda Galicia.

2.4. ESTABLECEMENTO DE REDES CON OUTROS AXENTES

Durante o ano 2014 reforzáronse as relacións con redes fóra do campo das ONGD en Galicia, sobre todo no movemento feminista e cultural. Un dos froitos desta colaboración foi a gravación do CD *REACTIV-ARTE* (vid. 2.3.20).

Mantivéronse ademais os contactos co sector deportivo na posta en marcha da CARREIRA SOLIDARIA e a ANDAINA: Federación Galega de Atletismo e Escola Asturias de Salvamento. Nestas actividades contouse tamén coa colaboración de empresas, como Cucana (empresa organizadora de roteiros), Autocares J. Pombo e o centro de Masaxe Aiurvédica de Piero Piga.

2.5. DIVERSIFICACIÓN DAS FONTES DE FINANCIAMENTO

Durante 2014, IMPLICADAS mantivo a súa actividade con fondos propios nun 50%. Alén de todo o labor de diversificación de fontes de financiamento procedente das cotas das socias, doazóns, vendas de materiais, *teaming*, *crowdfunding*, eventos solidarios, etc., a organización contou cunha axuda pública concedida pola Xunta de Galicia para desenvolver un proxecto de Educación para o Desenvolvemento.

Ademais das actividades de difusión da visión e misión que tamén teñen un compoñente de recadación, durante o 2014 consolidamos as propostas que se viñeran planificando en anos anteriores:

- **Cestas solidarias**

Ao longo do ano levouse a cabo o sorteo de dúas cestas solidarias dinamizadas por grupos locais. Para esta actividade pediuse a colaboración de entidades ou profesionais que doaron os seus produtos e servizos para o sorteo. As rifas foron vendidas a un euro.

- **Vendas de materiais**

Durante 2014 levouse a cabo a venda de produtos (como libros, cadernos ou axendas) en todas as feiras, eventos ou encontros que realizou IMPLICADAS.

- **Proxecto de *teaming***

No 2012, IMPLICADAS puxo en marcha un grupo de *teaming* [https://www.teaming.net/cambiadepapelconimplicadas?lang=es_ES] co obxectivo de obter microdoazóns dun euro por parte dos usuarios. Durante o 2014 aumentou o número de *teamers* do grupo e, polo tanto, tamén dos ingresos a través desta canle (que ascenderon a 64 euros).

- **Tenda online de IMPLICADAS**

No 2014 púxose en marcha a tenda online de IMPLICADAS: <http://tendaimplicadas.tictail.com>

A través desta nova canle de venda, a organización pode distribuír os seus produtos (libros, axendas, CD, cadernos, etc.) por toda a xeografía española.

- **Colaboracións con empresas e profesionais**

IMPLICADAS mantivo a colaboración con diversas empresas e profesionais á hora de levar adiante accións concretas. Esta colaboración fixo posible, entre outras cousas, a venda de materiais na rede de establecementos colaboradores (por exemplo, a venda da AXENDA DO DESENVOLVEMENTO e o CD *REACTIV-ARTE*), a utilización de espazos para organización de actividades, o aproveitamento de materiais e servizos para a realización de actividades

coma a ANDAINA, a CARREIRA SOLIDARIA ou a posta en marcha das diferentes exposicións, doazóns de premios, etc.

- **Novas actividades deportivas**

Neste ano organizouse na Coruña unha clase de baile contemporáneo en Danzalia Mundi co lema BAILA POR IMPLICADAS (*vid.* 2.3.18). Inscribíronse nesta actividade 19 persoas e a recadación pola entrada (de 5 € cada unha) foi destinada integramente a IMPLICADAS.

- **Convocatorias públicas**

No que se refire ás convocatorias públicas (*vid.* subobxectivo 5.3, PE 2014), este ano IMPLICADAS concorreu a tres convocatorias: dúas da Xunta de Galicia e unha do Concello de Lugo. Finalmente, a organización logrou orzamento para un proxecto de carácter bianual (2014-2015) sobre Educación para o Desenvolvemento, denominado *Reformulando o activismo. A arte como xerador de cambios*. A axuda pública da Xunta de Galicia para desenvolver este proxecto foi de 29.975 €, dos cales 11.990 se executaron durante o exercicio 2014.

2.6. COMUNICACIÓN

O fortalecemento do Grupo de Comunicación era un dos obxectivos da planificación estratéxica establecida para o ano 2014 (*vid.* obxectivo 6.1, PE 2014). Levouse a cabo coa reactivación da área de Comunicación e a sistematización do seu funcionamento. Nomeouse unha persoa responsable da área, encargada de que se produza un fluxo constante de comunicación entre as diferentes áreas, así como de reforzar a comunicación externa da organización.

No ano 2014 realizáronse varias accións, entre as cales cómpre salientar o envío do boletín de IMPLICADAS a persoas socias, voluntariado e simpatizantes da organización. O boletín comezou a enviarse a mediados de ano cunha periodicidade mensual. Nel inclúense tódalas actividades ou informacións de actualidade referidas á organización. Esta ferramenta xa fora empregada no pasado e constitúe unha das principais vías de comunicación de IMPLICADAS cos seus públicos, contribuíndo tamén a fortalecer a comunicación interna da organización, obxectivo marcado á súa vez como prioritario na planificación do ano 2014 (*vid.* obxectivo 6.3, PE 2014). Debido a isto, e co fin de consolidar definitivamente o boletín como canle de comunicación imprescindible da organización, comezouse a redactar un manual coas instrucións para a súa realización. Entre outros aspectos, especifícase neste manual a plataforma de envío (MailRelay) e o xeito de empregala, os días nos que debe enviarse o boletín, os contactos que poden achegar información para cada un dos envíos, etc.

Unha das ferramentas das que se serve o boletín mensual é o calendario de IMPLICADAS, que malia levar anos manténdose como peza chave da nosa comunicación interna, comezou neste ano 2014 a elaborarse coa aplicación Google Calendar. Esta ferramenta permite unha xestión colaborativa de datas, tempos e prazos, ademais de permitir unha integración cos calendarios persoais ou profesionais de cada persoa voluntaria, co que se axilizan procesos e se facilita a organización individual do traballo. Deste xeito, tanto a persoa responsable de elaborar o boletín coma calquera das persoas da directiva ou do voluntariado poden solicitar o acceso ao calendario, no que atoparán toda a información relativa ás actividades da organización. No 2014 tomouse a determinación de comezar a empregar novas ferramentas para que os procesos de comunicación interna sexan aínda máis áxiles e proveitosos para IMPLICADAS.

Así mesmo, traballáronse as accións de comunicación externa da organización (*vid.* obxectivo 6.4, PE 2014), co fin de lograr un aumento da incidencia da organización na sociedade. Procuramos ese aumento da visibilidade renovando a imaxe corporativa de IMPLICADAS, co ánimo de adaptar a organización aos novos tempos. Tamén centramos esforzos en acadar unha maior visibilidade na prensa co fin de consolidar aínda máis o carácter referente da organización na cooperación galega. Redactamos notas, comunicados e dossieres, e ofrecemos roldas de prensa antes de cada unha das actividades máis salientables.

Ao longo do 2014, ademais, seguiron promovéndose accións que contribúen a darlle unha maior visibilidade á organización (*vid.* obxectivo 6.2, PE 2014): exposicións en diversos lugares públicos e de ocio, edición e venda da AXENDA DO DESENVOLVEMENTO e, sobre todo, realización do festival IMPLÍCATE, importantísima actividade de difusión.

Por outra banda, afianzamos o uso de internet como ferramenta de comunicación dentro e fóra da organización, non só mediante a mudanza da imaxe corporativa, senón tamén por medio do deseño e lanzamento dunha nova páxina web. Alén disto, melloráronse os planos de actuación en redes sociais, medios nos que mantemos un diálogo constante e bidireccional e nos que cada vez acadamos unha maior incidencia: a finais de 2014 contabamos con aproximadamente 2.900 persoas seguidoras en *facebook* e máis de 1.350 en *twitter*.

2.7. PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

2.7.1. ERRADICACIÓN DO INFANTICIDIO FEMININO EN SALEM - 2014

2.7.1.1. Introducción

O programa de Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem é unha iniciativa promovida dende 2007 por IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO e a organización támil PEOPLE'S DEVELOPMENT INICIATIVES (PDI) en colaboración con numerosos colectivos locais (gobierno, feministas, activistas) co obxectivo de poñer fin ao infanticidio. É esta unha forma de violencia extrema contra as mulleres pola cal unha comunidade admite que se asasinan as nenas acabadas de nacer pola baixa consideración social das mulleres. O noso programa traballa en catro bloques do distrito de Salem (Omallur, Tharamangalam, Edaipadi e Konganapuram) e incide en aspectos paliativos, como o seguimento de mulleres embarazadas, aínda que o seu obxectivo último é contribuír a un cambio nos patróns de xénero que faga inadmisíbel calquera forma de violencia contra as mulleres.

Presentamos de seguido os resultados das actividades desenvolvidas durante o ano 2014.

2.7.1.2. Actividades

a) Actividades de apoio ás mulleres embarazadas e ás súas familias

- Elaboración da lista de mulleres embarazadas e identificación das que se atopan en situación de risco: fundamentalmente aquelas que xa teñen unha ou máis fillas.
- Visita da traballadora de base ás mulleres en situación de risco co obxectivo de establecer un bo nivel de confianza e comezar coas sesións de comunicación interpersoal.
- Sesións de comunicación interpersoal co obxectivo de provocar un cambio de actitude nas mulleres e nas súas familias a través do diálogo. Durante este ano 4.443 mulleres

embarazadas recibiron este apoio de seguimento personalizado nos distintos bloques do programa.

- Seguimento e comunicación interpersoal durante 18 meses tralo nacemento da crianza, no caso de que se trate dunha nena, para garantir a protección da meniña. Neste período realizáronse 45.008 sesións de comunicación interpersoal.
- Derivación de 475 mulleres embarazadas aos servizos sanitarios para revisión.
- Identificación daquelas mulleres e familias afectadas pola presión de ter un varón e que, polo tanto, seguirán precisando asesoramento familiar por parte das traballadoras especializadas en apoio psicosocial. Este tipo de asesoramento foi recibido este ano por 716 mulleres (a través dun total de 3.069 sesións de seguimento).
- Organización de 310 diálogos familiares para tratar a situación conxuntamente con tódolos membros da familia.

Efectos nas zonas do programa

Asunción de medidas anticonceptivas permanentes por parte de 161 mulleres (entre elas mesmo 76 que non tiveran ningún varón), nacemento de 815 nenas, redución a un dos casos de entrega de nenas en adopción, ningún infanticidio rexistrado e 1.758 nenas en seguimento.

b) Centro de apoio ás mulleres

Neste ano 54 mulleres achegáronse ao centro de apoio ás mulleres para obter asistencia legal (en casos de herdanzas, divorcio, obtención de axudas e certificados, reclamacións, etc.) e/ou apoio psicolóxico (en situacións de violencia de xénero, abandono, etc.).

c) Actividades para o cambio nas percepcións e comportamentos de xénero

- ***Grupos de axuda mutua***

Este ano formáronse 18 grupos novos, o que supón a existencia dun total acumulativo de 128 grupos integrados por 1.515 mulleres. En total, estes grupos levan aforrado 70.000 euros dende o inicio do programa (19.850 dos cales durante este ano). Para que os grupos funcionen correctamente, as representantes que teñen cargos electos (sempre rotatorios) e que son as signatarias das contas bancarias reciben formación. Neste ano formáronse 32 representantes de 16 grupos dos catro bloques.

Por outra banda, as integrantes de dous grupos recibiron capacitación laboral. Este ano 15 mulleres participaron en cursos de bordado, preparación de especias e fabricación de cepillos.

Ademais, neste ano un total de 1.236 mulleres procedentes de 101 grupos de aforro participou en sesións para tratar temas de xénero e dereitos das mulleres.

- ***Sensibilización de xénero para homes***

Xa dende 2013 veñen realizándose xornadas de sensibilización nas que se trata sobre todo a necesidade dunha mudanza nas actitudes e no comportamento no ámbito privado. Neste ano pasado ofrecéronse 53 sesións de formación nas que participaron 559 homes.

- ***Capacidades para a vida para adolescentes***

Co obxectivo de sensibilizar á mocidade con respecto a cuestións relativas á igualdade de xénero e mellorar os seus recursos xerais, organizouse un curso de capacidades para a vida para adolescentes en diferentes aldeas nos que, durante este ano, participaron 701 mozas e 679 mozos.

- **Clubs de xénero**

O obxectivo principal dos clubs de xénero é o de sensibilizar a mocidade sobre cuestións de xénero. Neste ano 473 mozas e 490 mozos participaron activamente nos clubs de xénero, que neste momento ascenden a 74.

- **Campañas de teatro de rúa**

O programa conta cun equipo voluntario de 10 mulleres que realiza actuacións en lugares públicos das aldeas para difundir mensaxes contra o infanticidio e outros aspectos relativos á igualdade de xénero. Neste ano representáronse obras, ás que asistiron en total arredor de 6.800 persoas, en 69 aldeas.

- **Celebración do 8 de marzo e do 25 de novembro**

O programa celebrou tanto o Día Internacional das Mulleres coma o Día de Erradicación da Violencia contra as Mulleres.

Tódolos actos do Día Internacional das Mulleres tiveron lugar o 9 de marzo no bloque de Tharamangalam. Dúas mozas do grupo de adolescentes, voluntarias de xénero nas súas aldeas, e mais oito GAM recibiron galardóns polo seu traballo a prol da igualdade de xénero. Ademais, o voluntariado de clubs de xénero representou a obra de teatro de rúa *Kolusu contra o matrimonio infantil*.

O Día Internacional para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres celebrouse o día 25 de novembro cunha cadea humana contra o feticidio na estación de buses de Omallur. Case 100 mulleres de GAM e voluntariado dos clubs de xénero participaron nesta cadea.

2.7.1.3. Conclusións

Tódalas actividades aquí presentadas foron posibles grazas ao apoio de tódalas socias, socios, voluntariado e traballadoras de IMPLICADAS e, sobre todo, do persoal de PDI e das propias mulleres.

2.7.1.4. Orzamento

O programa foi financiado en exclusiva con fondos procedentes das cotas de socias e socios e das actividades organizadas polo voluntariado de IMPLICADAS.

2.7.2. EMPODERAMENTO DE MULLERES EN TIRUCHY II (WEP II)

O obxectivo deste programa é contribuír á erradicación da pobreza en cinco suburbios e en cinco aldeas seleccionadas do distrito de Tiruchirapalli a través do empoderamento das mulleres desde unha perspectiva económica, social, política e de xénero.

Entre 2008 e 2013 IMPLICADAS e PDI aplicaron unha perspectiva integral da erradicación da pobreza dende dous focos: o xénero e as migracións rurais-urbanas. No ano 2014 púxose en marcha unha segunda fase do programa: coa mesma estrutura e filosofía, empezou a traballarse en 5 aldeas e 5 suburbios novos, lugares nos que se seguirá incidindo nos vindeiros cinco anos.

Durante este primeiro ano (entre xaneiro e decembro de 2014), o proxecto centrouse en establecer unha boa comunicación coa comunidade, crear grupos de axuda mutua entre as mulleres (GAM) e concienciar sobre saúde e cuestións de xénero para resolver os aspectos máis preocupantes detectados durante a planificación.

2.7.2.1. Actividades realizadas en 2014

a) Iniciativas de empoderamento das mulleres

- ***Orientación para a formación de Grupos de Axuda Mutua (GAM)***

Durante o ano 2014 organizáronse 15 sesións de orientación (8 no ámbito rural e 7 na zona urbana) para a formación de grupos de axuda mutua (GAM), aos que asistiron 202 mulleres.

- ***Formación de GAM***

Neste período formáronse 10 GAM (8 en zona rural e 2 en zona urbana) que agrupan a 147 mulleres. En total os grupos aforraron 730 euros.

- ***Sensibilización de xénero***

Tivo lugar unha xuntanza para 19 mulleres en Mudukkupatti para comezar a debater cuestións relativas á desigualdade de xénero.

Ademais, en Karumalai e Kallakampatti organizáronse programas de sensibilización nos que participaron 228 mozas. Os temas centrais foron: abusos sexuais, identificación de situacións de perigo e posibilidades de reacción e defensa.

Por último, 16 mozas máis asistiron a unha proxección de vídeos sobre igualdade de xénero en Kattur.

- ***Celebración do Día da Muller e do Día Internacional contra a Violencia de Xénero***

A celebración do 8 de marzo tivo lugar o día 14 no Roshan Mahal de Tiruchy. Contouse como convidada de honra coa escritora feminista Thamizhachi Thangapandiyan e como inauguradora da manifestación con Nirmalarani, avogada feminista que traballa polos dereitos das mulleres.

Igualmente o programa celebrou o 25 de novembro, Día Internacional para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres, xunto coa autoridade de servizos legais do distrito. Asistiron aos actos unhas 115 mulleres. Como convidadas asistiron diversas xuízas e xuíces, ademais da presidenta do colexio de avogacía de Támara Nadu. Ademais, a coordinadora do programa de empoderamento presentou as actividades do centro de atención ás mulleres e falou da importancia do 25 de novembro.

- ***Centro de atención ás mulleres***

O centro asistiu durante este ano 52 mulleres. A meirande parte dos casos tiveron relación coa violencia na familia. Seis destas mulleres continúan en seguimento.

Ademais, o centro organizou cinco sesións de “campamentos legais”, impartidas por profesionais da xudicatura e da avogacía procedentes dos servizos legais do distrito de Tiruchy. A estas sesións asistiron 243 mulleres. Entre os temas tratados incluíronse os seguintes: obtención de certificados de nacemento e de defunción, lei de “violencia doméstica”, lei de prohibición do dote, rexistro legal dos matrimonios, dereitos das

mulleres, requerimentos para a reclamación de manutención en caso de divorcio, lei de “matrimonios especiais” e lei de adopción.

Como complemento aos campamentos legais foron ofrecidas, por parte da coordinadora do centro de atención ás mulleres, catro sesións (3 en zona urbana e 1 en zona rural) ás que asistiron 63 mulleres.

b) Actividades educativas e sanitarias

• ***Clases de apoio***

As clases de apoio están dirixidas a mellorar diariamente a aprendizaxe das crianzas e, sobre todo, das nenas, posto que moitas delas non poden adicarse ao estudo por ter que facerse cargo de tarefas domésticas. O programa tamén organiza exames trimestrais para garantir o seu progreso constante. O obxectivo é que ao final do programa 300 crianzas, delas polo menos 150 nenas, participen destas clases.

Durante este ano 2014 asistiron ás clases de apoio 157 nenas e 132 nenos.

• ***Xuntanzas entre familias e animadoras***

Para consolidar os avances no campo da educación organízanse encontros coas familias das crianzas que acoden ás clases de apoio. Neste ano organizáronse 75 xuntanzas, ás que asistiron 351 mulleres e 6 homes. O persoal procura que a implicación dos homes vaia aumentando ao longo do programa.

• ***Campamento de verán***

Do 22 ao 25 de maio organizouse un campamento de verán para crianzas tanto da zona rural coma da urbana na escola pública de Senthaneerpuram. No campamento organízanse actividades como reciclaxe, ioga, debuxo, etc. Nel participaron este ano unhas 85 crianzas. O campamento foi posible grazas á contribución altruísta de persoas de Tiruchy.

• ***Outras actividades de apoio educativo***

Tódalas crianzas das clases de apoio dos suburbios (38 nenas e 19 nenos) asistiron a un **curso de manualidades** no que aprenderon debuxo, papiroflexia ou realización de mosaicos con la. Ademais tamén se organizou este ano un **programa de escrita e oratoria** para 45 crianzas en colaboración co Bishop Herbert Collegue da cidade de Tiruchy.

• ***Educación non formal***

Este tipo de actividade está dirixida principalmente a mulleres analfabetas e consiste no ensino dos rudimentos básicos da escrita, a lectura e o cálculo en támara. Neste ano participaron de forma permanente **26 mulleres e 2 homes** e preténdese que, ao final do programa, polo menos 100 mulleres asistan ás clases.

• ***Seguimento de mulleres embarazadas***

127 mulleres embarazadas e 137 que xa pariran recibiron apoio e información que levou a que seguisen o patrón de vacinación axeitado. Ademais neste ano fíxose unha xuntanza de sensibilización sobre o embarazo á que asistiron 22 mulleres.

• ***Campos sanitarios***

Os campos sanitarios son unha actividade médica paliativa na que, tras identificar doenzas prevalentes na comunidade, se solicita a colaboración desinteresada de persoal médico

para que poida facer unha revisión in situ de pacientes que serán tratadas ou derivadas, segundo os casos. Neste ano organizáronse tres campos sanitarios distintos:

- Campo de ortopedia en Ramachandra Nagar, no que foron atendidas 117 persoas (101 mulleres e 16 homes). Ademais 26 persoas foron derivadas para tratamento posterior.
- Campo de medicina xeral, no que se atendeu a 174 persoas (86 mulleres, 16 homes, 38 nenos e 34 nenas). Ademais 37 persoas foron derivadas para recibir outros tratamentos.
- Campo oftalmolóxico en Adakondan, no que recibiron atención 198 persoas (127 mulleres, 26 homes, 23 nenas e 22 nenos). Ademais foron derivadas 76 persoas.

- ***Campañas de sensibilización sanitaria***

Durante 2014 organizáronse na zona rural do programa 27 campañas de sensibilización sobre a tuberculose, ás que asistiu un total de 376 persoas.

Ademais, durante este ano organizáronse 13 xornadas de formación sobre hixiene menstrual (12 en zona urbana e 1 en zona rural) ás que asistiron 176 mulleres. Tamén se organizaron neste sentido dous programas específicos para adolescentes aos que asistiron 26 mozas.

Neste período realizáronse ademais seis programas de sensibilización sobre o VIH/SIDA ao que asistiron 200 mulleres tanto das zonas rurais coma das urbanas.

Organizouse ademais, xunto coa asociación Harshamithra de Tiruchy en Andakondan, un programa de sensibilización sobre o cancro ao que asistiron 32 mulleres.

Alén disto, a colaboración de PDI con centros formativos da cidade de Tiruchy levou a que se puidesen organizar outros programas sobre hixiene, saúde e vida saudable. Un deles foi celebrado en Koradanthoppu e foi visitado por 85 mulleres. O outro tivo lugar en Mudukkupatti e contou coa asistencia de 48 mulleres.

- ***Voluntariado sanitario***

Durante este ano tamén se impartiu un día de orientación para o voluntariado sanitario. Este persoal, nun primeiro momento, apoiará as traballadoras na identificación e derivación de pacientes para despois, ao final do programa, asumir tódolos compoñentes sanitarios. Ata o momento identificáronse 28 mulleres como voluntarias sanitarias.

2.7.2.2. Orzamentos

O programa foi financiado na súa totalidade con fondos propios de IMPLICADAS procedentes das cotas das persoas socias e das actividades realizadas polo voluntariado.

2.7.3. Grupo de Axuda Mutua en Ames

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO levaba dende o 2012 propoñendo esta metodoloxía a diferentes entidades galegas para dála a coñecer: traballadoras do social, VAGALUME, administracións públicas (concello de Teo e Ames), etc. Despois de varias xuntanzas, conformouse o primeiro GAM en Galicia, concretamente na localidade de Bertamiráns, concello de Ames. A súa andaina comezou en xullo de 2013 e rematou en abril de 2014.

“Un Grupo de Axuda Mutua (GAM) é un grupo de entre 15 e 20 mulleres que se reúnen de xeito periódico, que funcionan de forma democrática e por consenso e que buscan solventar os problemas das súas integrantes e da comunidade na que se insiren dende o punto de vista social, económico e político. Son as propias integrantes as que deben atopar os xeitos e recursos para facer fronte á súa situación e tomar as rendas da súa vida esixíndolles ás instancias públicas os servizos aos que teñen dereito. Os elementos fundamentais dun GAM inclúen o apoio mutuo, o aforro e crédito entre as súas integrantes e a intervención comunitaria”.

En base a esta definición dos GAM, o obxectivo xeral proposto foi:

- Partindo da metodoloxía aplicada nos países do Sur, crear o primeiro Grupo de Axuda Mutua de mulleres en Galicia.

Ademais, foron fixados outros obxectivos, entre os que figuran os seguintes:

- Darlle a coñecer á comunidade galega os GAM.
- Formar a mulleres do concello de Ames como susceptibles de formar parte dun GAM.
- Asesorar, formar e informar as traballadoras da entidade colaboradora.
- Poñer a mirada nas mulleres do Sur e aprender do seu percorrido.
- Mellorar a situación das mulleres en situación de exclusión social na localidade de Bertamiráns.

Avaliación

Cadro resumo do que foi o GAM de Ames:

| | |
|---|---|
| Nome do grupo | Pioneiras (elixido polo propio grupo) |
| Entidade colaboradora | Oficinas de I+B de Inclusión Social da zona de Ames. |
| Lugar | Bertamiráns (Concello de Ames) |
| Integrantes do grupo | O grupo contou ao inicio con 18 mulleres; na etapa final, contaba con 8. Tratouse de mulleres habitantes todas na zona de Bertamiráns e usuarias dos servizos de I+B do concello de Ames. De idades comprendidas entre os 20 e os 50 anos, todas elas formaran unha familia monoparental e tiñan crianzas ao seu cargo. No eido laboral, dedicábanse a traballos esporádicos e puntuais, principalmente en servizos domésticos. As súas nacionalidades eran variadas: galegas, brasileiras, colombianas e venezolanas. |
| Día e lugar das xuntanzas ordinarias | Día: Cada mércores de 18:30 a 19:30 / 20h. Lugar: Oficinas de I+B (inicialmente) e Casa de Cultura de Bertamiráns (Local Municipal, posteriormente) |
| Duración | - 6 sesións introdutorias (xullo-outubro 2013) - 18 xuntanzas ordinarias (outubro 2013 -abril 2014) |
| Cantidade de aforro | Inicialmente: 0,50 € - Con posterioridade:a cantidade incrementouse a 1 € semanal |
| Créditos concedidos | Un crédito de 50 € (que lle foi devolto ao grupo) |

Os factores que explican a diminución do grupo e a súa posterior desaparición son variados:

- Ao carecer a meirande parte das mulleres de ingresos estables (salvando o que recibían de traballos temporais e puntuais) e polo tanto de liquidez, dificultou algunhas veces o aforro, mesmo aínda que a cantidade fora elixida por elas previamente.
- Ao teren crianzas ao seu cargo e non dispor sempre de alguén que as axudase no seu coidado, resultaba complicado acudir a tódalas xuntanzas que elas mesmas se fixaran.
- Catro das mulleres integrantes do grupo inicial, que levaban vivindo en Bertamiráns moitos anos (algunha delas máis de 15 anos), tiveron que marchar por problemas económicos e familiares.

Cómpre lembrar que o compromiso é de ambas partes: por un lado, das propias integrantes do GAM e, por outro, da persoa que coordina a actividade. Temos a esperanza de que nun futuro non moi afastado sexa posible poñer de novo en marcha un GAM aquí en Galicia e que ese colectivo conte con IMPLICADAS para asesoralo debidamente.

3. RECURSOS HUMANOS E ORGANIZACIÓN INTERNA

IMPLICADAS leva promovendo dende 2013 diferentes accións para fortalecer a sustentabilidade da organización e mellorar a xestión interna de procesos. A elaboración do *Manual de Xestión Interna* foi fundamental para o fortalecemento interno da organización e a fixación das funcións e responsabilidades do voluntariado. Este documento é fundamental para o correcto funcionamento da organización e cómpre seguir incidindo nel para que tódalas persoas que se acheguen á organización o coñezan e o apliquen nas súas actividades.

Na actualidade, IMPLICADAS conta cunha persoa contratada a tempo parcial (6 horas) que desenvolve as funcións de secretaría técnica. Pola súa banda, a Xunta Directiva, formada por persoas voluntarias, é o órgano que desenvolve as funcións directivas e supervisa a actividade da organización. Correspóndelle, pois, consolidar a organización tanto a nivel interno coma externo.

4. BALANCE ECONÓMICO

Conta de resultados

| CONTA DE PERDAS E GANANCIAS | |
|---|-------------------|
| DESCRIPCIÓN | EXERCICIO 2014 |
| 1. Importe neto da cifra de negocios | 10.883,87 |
| 700 - VENDAS DE MERCADORÍAS | 4.947,77 |
| 722 - PROMOCIÓN CAPTACIÓN DE RECURSOS | 5.936,10 |
| 4. Aprovisionamentos | - 72,93 |
| 600 - COMPRAS DE MERCADORÍAS | -72,93 |
| 5. Outros ingresos de explotación | 38.340,54 |
| 740 - SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS Á EXPLOTACIÓN | 29.975,00 |
| 747 - OUTRAS SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS TRANSFERIDOS AO RESULTADO DO EXERCICIO | 8.365,54 |
| 6. Gastos de persoal | -12.704,43 |
| 640 - SOLDOS E SALARIOS | -9.376,23 |
| 642 - SEGURIDADE SOCIAL A CARGO DA ORGANIZACIÓN | -3.328,20 |
| 7. Outros gastos de explotación | -57.498,87 |
| 62 - SERVIZOS EXTERIORES | -57.466,23 |
| 631 - OUTROS TRIBUTOS | -32,64 |
| 9. Imputación de subvencions de inmovilizado non financeiro e outras | 41.029,83 |
| 7460 - SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS DE CAPITAL TRANSFERIDOS AO RESULTADO DO EXERCICIO | 41.029,83 |
| A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN | 19.978,01 |
| 14. Gastos financeiros | -55,65 |
| 669 - OUTROS GASTOS FINANCEIROS | -55,65 |
| a) Incorporación ao activo de gastos financeiros | |
| B) RESULTADO FINANCEIRO | -55,65 |
| C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS | 19.922,36 |
| D) RESULTADO DO EXERCICIO | 19.922,36 |

A conta de resultados de Implicadas para o ano 2014 reflicte un resultado positivo de 19.922.36 €. Este resultado ben determinado pola subvención aprobada para a execución do proxecto REACTIV-ARTE cofinanciado pola DXREeUE. Este proxecto de carácter plurianual

2014/2015 provoca un desprazamento na nosa conta de resultados polo importe antes citado da parte pendente de pagamento pola DXREeUE correspondente ao ano 2015.

Para chegar ao resultado do 2014 hai que explicar varias cuestións, ademais da anteriormente citada:

- Importe da cifra de negocios, venda de material e actividades de captación: pon de manifesto o importante labor que as nosas activistas desempeñan na captación de recursos da entidade, e a importancia que este grupos de voluntariado local teñen na diversificación das fontes de financiamento e na sustentabilidade da entidade. Inclúense nesta partida as vendas de comercio xusto e materias de Implicadas realizados no local de Implicadas en Vigo.
- A partida de subvencións públicas experimentou un importante crecemento debido á aprobación do proxecto REACTIV-ARTE, cun financiamento por parte da DXREeUE de 29.975,00 € para os anos 2014/2015. No mes de setembro do 2014 recibimos o pagamento da primeira anualidade da subvención por un importe de 11.990,00 € trasladándose ao resultado do exercicio a pendente de cobro. Outras subvencións recibidas durante o ano 2014 correspóndese ao financiamento por parte do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade do módulo Her voice II por valor de 6.736,80€ e ao cobro, pendente do ano 2012, por parte da Deputación de Ourense por valor de 686.80€.
- Os ingresos obtidos por parte da base asociativa e as doazóns están reflectidos na partida subvención doazón e legados correspondendo á base asociativa un importe que ascende a 27.122.00€.
- Inclúese na partida outros gastos de explotación, os gastos correntes que Implicadas fai fronte para o mantemento da sede local en Vigo (aluguer, subministros, seguro...) así como os invertidos nos proxectos de cooperación 31.500,00€ e de Educación para o Desenvolvemento 14.556 €.

Para un maior detalle dos gastos e ingresos de Implicadas achegase o fluxo de caixa do ano 2014.

O fluxo de caixa de 2014

| INGRESOS | 68.636,73 € | GASTOS | 72.186,07 € |
|---|--------------------|---|--------------------|
| Base asociativa | 27.122,00 € | Actividades propias de Sensibilización | 5.977,36 € |
| Abono cotas | 27.122,00 € | Implicate (2014-2015) | 3.157,24 € |
| Doazóns | 9.371,92 € | Vanakkam | 52,00 € |
| Particulares | 8.219,13 € | Axendas 2014 | 2.319,33 € |
| Crowdfunding | 1.088,79 € | Carreira Solidaria | 182,74 € |
| Teaming | 64,00 € | Andaina Solidaria | 24,00 € |
| Actividades propias de Sensibilización | 5.690,29 € | Outros (cultural, os meus ollos) | 242,05 € |
| Implicate | 2.334,50 € | Compras Materiais Implicadas para venta | 253,99 € |
| Vanakkam | 300,00 € | Productos Comercio Xusto | 150,39 € |
| Carreira Solidaria | 1.621,00 € | Cestas Solidarias | 103,60 € |
| Andaina Solidaria | 168,00 € | Prox de EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO | 11.990,02 € |
| Outros (Entradas, inscrición cursos...) | 1.266,79 € | <i>REACTIV-ARTE DESEÑO CAMPAÑA</i> | 1.452,00 € |
| INGRESO VENDA MATERIAL | 5.045,51 € | Implicate (2014-2015) | 3.373,02 € |
| Merchandising Implicadas/comercio xusto/libros | 1.759,61 € | <i>Axendas 2015</i> | 1.500,00 € |
| Axendas | 2.115,00 € | <i>CD</i> | 2.000,00 € |
| Cestas solidarias/rifas solidarias | 770,90 € | <i>Sueldos y salarios</i> | 3.665,00 € |
| Ilustracións | 290,00 € | Prox de COOPERACIÓN INTERNACIONAL INDIA | 31.500,00 € |
| CD | 110,00 € | Empoderamento de mulleres en Tiruchy WEP II | 13.163,40 € |
| Ingreso transporte tenda online | 4,98 € | Erradicación do infanticidio feminino en Salem FIPP | 11.599,80 € |
| OUTROS INGRESOS | 1.051,47 € | Her voice 2014-2015 | 6.736,80 € |
| Financiación Pública EDUC para DESENVOLVEMENTO | 11.990,00 € | GASTOS INDIRECTOS | 19.230,25 € |
| Financiación D. Xeral RREE e UE_Xunta de Galicia | | Aluguer local | 4.200,00 € |
| <i>REACTIV-ARTE</i> | 11.990,00 € | Subministros -agua e luz- | 479,82 € |
| FONDO GALEGO PROXECTOS COOP INTERN INDIA | 8365,54 € | | |

Empoderamento da muller Tiruchy 2012

Her voice (PROXECTO 2014-2015)

| | | |
|-----------|---|-------------------|
| 1628,74 € | Comunicación-internet, telefono, correos, fotocopias | 1.323,00 € |
| 6736,8 € | Material de oficina | 66,11 € |
| | Nomina | 5.654,58 € |
| | Seguridad social + IRPF | 3.666,00 € |
| | Impostos, taxas e tributos | 1.335,58 € |
| | Comisións bancarias (Gastos financeiros) | 260,55 € |
| | Devolucións cotas socias | 555,00 € |
| | Gastos bancarios e IVE cotas | 767,58 € |
| | Desprazamentos | 689,47 € |
| | Seguros | 160,56 € |
| | Dietas | 72,00 € |
| | OUTROS GASTOS | 3.234,45 € |
| | Asesoría | 1.064,80 € |
| | Imprevistos (logo desoños.+ meubook 2011.) | 1.638,99 € |
| | Mensaxería | 174,56 € |
| | Outros (cuota coordinadora, sermos...abertal network) | 356,10 € |

5. CONCLUSIÓN

Esta memoria recolle o traballo realizado por IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO durante o ano 2014. Tras dezaseis anos de traballo, a organización mantén con éxito as actividades de difusión e recadación postas en marcha durante os anos anteriores (exposicións, eventos deportivos e culturais, mesas informativas), pero ademais segue a impulsar novas accións coas que apoiar o seu labor na cooperación ao desenvolvemento. Durante este ano, por exemplo, organizouse unha sesión de contacontos para crianzas e fomentouse a participación activa do público en concertos e recitais. Ademais, para celebrar os 10 anos do IMPLÍCATE, levouse a cabo o proxecto *REACTIV-ARTE*, no que diferentes artistas puxéronlle música e voz aos poemas de escritoras támiles, etíopes e galegas.

No que respecta aos proxectos apoiados por IMPLICADAS no Sur, os datos dan conta dos enormes avances realizados. Os informes do programa de *Erradicación do infanticidio en Salem* demostran como se vai consolidando o apoio ás mulleres embarazadas e ás súas familias, ao tempo que se promove a mudanza de percepcións e comportamentos na comunidade (*vid.* 2.7.1.). O programa segue avanzando de cara a acadar a sustentabilidade total nas intervencións. Pola súa banda, o programa de *Empoderamento de Mulleres en Tiruchy* entrou durante o ano 2014 unha nova fase: tralo éxito acadado na fase anterior, coa que se garantiu a continuación de xeito autónomo do labor de empoderamento en dez lugares do distrito, o proxecto implementouse agora en cinco novos suburbios e cinco novas aldeas. Estes programas foron financiados en exclusiva con fondos procedentes das cotas de socias e socios e das actividades organizadas polo voluntariado de IMPLICADAS. As diferentes actividades son posibles, sen dúbida, grazas a este apoio, pero tamén, e sobre todo, ao traballo do persoal de PDI e das propias mulleres.

Non son poucos os retos aos que se enfrontan nestes momentos as organizacións adicadas á cooperación ao desenvolvemento. IMPLICADAS, en concreto, non puido cumprir este ano co seu obxectivo de aumentar o número de persoas asociadas; ademais, nos grupos de voluntariado, rexistráronse algunhas baixas, debidas sobre todo á emigración á que se ve abocada parte da nosa poboación.

Co obxectivo precisamente de mellorar a difusión da organización, da súa visión e do seu traballo, levouse a cabo unha renovación da páxina web de IMPLICADAS, así como da súa imaxe corporativa. Así mesmo, reforzouse a comunicación interna, co fin de fortalecer a sustentabilidade da organización e mellorar a xestión interna dos procesos.

Malia as dificultades, IMPLICADAS mantivo a súa actividade nun 50% con fondos propios durante todo o ano. Ademais, a organización contou cunha axuda pública concedida pola Xunta de Galicia para desenvolver un proxecto de Educación para o Desenvolvemento.

Como cada ano, queremos lembrar aquí que tódalas actividades realizadas foron froito do traballo desinteresado das persoas voluntarias que día a día fan posible que os principios que moven a organización cheguen tanto aos países do sur coma á sociedade galega.

Así mesmo queremos agradecerlles ás nosas socias e socios que fagan posible os nosos proxectos coas súas achegas económicas.

Mención especial merecen tamén as persoas e entidades colaboradoras que, dende distintos ámbitos da cultura e da sociedade galega, supoñen para IMPLICADAS un incondicional e desinteresado apoio sen o cal moitas das nosas actividades non serían posibles.

E, por último, queremos facer constar a nosa gratitude á cidadanía galega por acompañarnos neste proxecto de facer cooperación dende Galicia e como galegas.